

Asunto: 2º Informe Parque Eólico San Cristovo

Nº Expte: LU-11/117-EOL

Denominación do proxecto: Parque Eólico San Cristovo

Solicitante/Promotor: Enel Green Power España S.L. NIF B61234613

Situación: Concello de Monterroso e Taboada (Lugo)

1 ANTECEDENTES

Con data 25/10/2022 recíbese na Área de Obras e Mantemento da Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico San Cristovo, dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto.

O 21/12/2022 a Axencia de Turismo de Galicia emitiu un informe sobre este proxecto no que se indicaba que a documentación achegada non era suficiente para determinar os efectos que a execución deste proxecto podería ocasionar sobre os valores turísticos da zona, nin establecía medidas específicas para eliminar ou mitigar os impactos negativos sobre a actividade turística.

O 19/01/2023 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, da traslado á Axencia de Turismo de Galicia da documentación adicional presentada polo promotor con data 12/01/2023. A nova documentación achegada inclúe:

- Estudo de impacto Turístico do Parque Eólico San Cristóbal (Non consta data nin sinatura do equipo redactor).
- Resposta ao informe de afección da Axencia de Turismo de Galicia (Asinado 12/01/2023).

O 20/01/2023 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, formula unha declaración de impacto ambiental favorable para o Parque Eólico San Cristovo, sempre que se cumpran unha serie de condicionantes.

2 ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN

En relación coas consideracións realizadas dende a Axencia de Turismo de Galicia no informe do 21/12/2022, o promotor presenta un documento de resposta asinado con data 12/01/2023. Na súa resposta indica que para permitir unha correcta avaliación do impacto do proxecto achega un estudo de análise da afección ao turismo. Así mesmo, afirma que tras a avaliación realizada considera que o proxecto non terá efectos sobre as actividades turísticas da zona a causa da afección paisaxística nin do efecto parpadeo se sombras. En liña co anterior, na súa resposta asegura que o efecto conxunto con outros parques eólicos é compatible, pois non se afectará a áreas de elevado valor paisaxístico e o número de infraestruturas é baixo. En calquera caso, o promotor suxire unha serie de medidas protectoras e correctoras, aínda que está aberto a incorporar medidas adicionais para reducir a visibilidade dende elementos

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](https://www.turismo.gal)





turísticos. Así mesmo, mostra a súa conformidade coa medida proposta pola Axencia de Turismo de Galicia de adaptar as actividades da obra para evitar molestias durante a celebración de eventos de interese turístico e festivos.

No referente ao Estudo de Impacto Turístico do Parque Eólico San Cristóbal achegado polo promotor o 12/01/2023, indicar o seguinte:

- Realízase unha análise da visibilidade do parque eólico dende os puntos de interese turístico próximos.
- Realízase unha análise dos efectos sinérxicos con outros parques eólicos.
- Non se fai unha análise específica dos niveis acústicos previsibles nos establecementos turísticos da contorna. Dada a distancia que os separa do parque eólico, o máis próximo sitúase a 3,4 km, non agardan efectos significativos a este respecto.
- No caso do efecto sombra parpadeante, non se analizan os efectos sobre os establecementos turísticos próximos por atoparse fóra do ámbito de afección do parque eólico (distancia superior a 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores).
- En canto ás medidas preventivas e correctoras, o promotor fai unha proposta de medidas para a fase de construción, explotación e desmantelamento do parque eólico, que inclúen, entre outras:
 - A restrición das obras e circulación de maquinaria en horario nocturno.
 - A inclusión dunha pantalla vexetal pola parte exterior do valado da subestación, realizado con especies autóctonas, segundo a Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados.
 - A realización das consultas e estudos necesarios para reducir ou mitigar o impacto visual do parque eólico mediante a implantación de barreiras vexetais, non só arredor dos núcleos de poboación, senón tamén noutras zonas sensibles. Argumenta o promotor que non se realiza proposta concreta para estas plantacións, por ser necesario chegar a acordos cos propietarios dos terreos.
- Por último, respecto ao Programa de Vixilancia da Afección Turística, o promotor propón a realización de visitas semanais á obra para levar a cabo un seguimento das medidas protectoras e correctoras durante a fase de construción. Xa durante a fase de explotación, suxire a realización de visitas mensuais para facer o control dos procesos erosivos e de revexetación; para o control dos niveis acústicos propón unha frecuencia trimestral. Non agarda a superación dos limiares aceptables por parpadeo de sombras, polo que non considera necesario establecer medidas nin controis específicos. Para o seguimento específico do impacto sobre o turismo, propón a realización dun estudo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, comparando os indicadores turísticos previos e posteriores á implantación dos aeroxeradores. De detectarse afeccións non previstas, propón establecer medidas correctoras ou compensatorias sobre o sector.





3 CONCLUSIÓNS

Revisada a documentación presentada en relación ao Parque Eólico San Cristovo, conclúese que, en xeral, o impacto sobre o turismo sería baixo. Non obstante, de acordo coa información achegada polo promotor, a infraestrutura proxectada será visible dende varios puntos de interese turístico, destacando a incidencia sobre os seguintes elementos:

- Camiño de Santiago
- Torre de Moreda de Taboada
- Torre de Fente
- Torre de Penas
- Torre de Cumbraos
- Torre de Bidouredo
- Rutas e Itinerarios próximos, especialmente os que transcorren polas Áreas de Especial Interese Paisaxístico e que presentan unha maior visibilidade.

Posto que o principal efecto negativo do proxecto é a súa afección sobre a paisaxe, no caso de que se determine unha visibilidade elevada dende algúns dos puntos antes indicados, o promotor deberá establecer medidas específicas para reducila, como pode ser a colocación de pantallas vexetais. Analizarase especialmente a incidencia visual do parque eólico dende estes puntos á hora de realizar unha proposta para a localización de pantallas vexetais que permitan minimizar o impacto paisaxístico do parque eólico. Así mesmo, se finalmente os aeroxeradores fosen visibles dende os establecementos turísticos próximos, concretamente na Casa Rural Campos de Vilance e Pensión Santa Lucía en Taboada, deberá estudarse a posibilidade de implantar barreiras vexetais para minimizar o seu impacto.

De non ser posible mitigar o impacto visual do parque eólico dende estes puntos, como medidas compensatorias deberanse propoñer medidas concretas para a posta en valor dos bens afectados e a súa contorna, como pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos prexudicados.

Respecto ao Plan de Vixilancia, o promotor deberá incorporar actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico da zona, establecendo as medidas necesarias para corrixir os posibles impactos negativos que se observen.

- Considérase apropiada a medida proposta polo promotor de facer un estudo comparativo dos indicadores turísticos previos e posteriores á implantación dos aeroxeradores.
- *A priori* non se considera necesario levar a cabo medicións dos niveis acústicos nos establecementos turísticos identificados na documentación achegada. Non obstante, para non interferir negativamente co desenvolvemento turístico da zona, previamente ao inicio das obras e posta en funcionamento do parque deberá comprobarse a existencia de novos establecementos na contorna. De situarse algún





establecemento turístico a menos de 2 km dos aeroxeradores, deberán realizarse medicións dos niveis acústicos coa mesma periodicidade e frecuencia que se marque na Declaración de Impacto Ambiental para os restantes puntos de control establecidos. Si se superasen os limiares establecidos pola normativa vixente, deberán implantarse as medidas necesarias para corrixir este impacto.

- Así mesmo, sen menoscabo dos condicionantes que poidan establecer outros organismos con competencias na materia, tendo en conta os establecementos turísticos identificados na documentación achegada non se considera necesario un seguimento do parpadeo de sombras específico. Porén, tras a posta en marcha da instalación de xeración eléctrica, comprobarase a existencia de novos establecementos turísticos no ámbito de afección do parque. De localizarse algún nun radio de 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas. Esta análise levarase a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo. Para completar esta análise simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento nas proximidades, se os houber. De superarse os valores de referencia, 8 horas/ano no caso real (Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022), estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aeroxeradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto. Este estudo realizaríase, de ser necesario, coa frecuencia e periodicidade que estableza a Declaración de Impacto Ambiental para os restantes puntos de control seleccionados.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

